

Poboación

Os datos facilitados polo INE indican que a 01.07.2017 a poboación galega era de 2.703.662 persoas, o que supón un descenso de -6.554 persoas respecto ao 1 de xaneiro de 2017, (o -0,24%) e confirma a tendencia decrecente dos últimos semestres en Galicia, que pasa a ser a quinta comunidade con peor evolución deste parámetro neste período. O saldo vexetativo (nacementos - defuncións) foi un trimestre máis a variable con maior influencia nesta tendencia. A pesares de que a diminución da poboación por este concepto aumentou respecto da observada no 1º semestre do ano anterior, os saldos migratorios exterior e interior tiveron un mellor comportamento e provocaron que a diminución porcentual da poboación no semestre fose lixeiramente inferior á rexistrada en 2016 (-0,24% fronte ao -0,26% daquel semestre). No conxunto do Estado o saldo vexetativo tamén rexistrou valores negativos no semestre pero o seu efecto viuse compensado polo saldo migratorio, que acelerou o seu crecemento neste trimestre (de 30.504 no 1º semestre de 2016 a 52.928 no de 2017), o que se traduciu nun incremento da poboación no 1º semestre dun 0,05%.

Poboación de Galicia e España a 30 de xuño de 2017

	Poboación a 30 de xuño de 2017(*)	Poboación a 1 de xaneiro de 2017	Saldo primeiro semestre de 2017			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
Galicia	2.703.662	2.710.216	-7.942	2.087	-699	-6.554
España	46.549.045	46.528.024	-31.905	52.928	0	21.021

Produto interior bruto galego e estatal

O PIB galego incrementouse no 3º trimestre de 2017 en 0,8 décimas, o que leva a un incremento interanual dun 3,1%. Tanto o valor trimestral como o interanual coinciden cos rexistrados no conxunto do Estado. Tal e como pódese apreciar no gráfico que se achega, o crecemento tanto en España como en Galicia ven de ser constante e da mesma intensidade en ambos territorios durante os últimos trimestres.

A variación trimestral adiantada do PIB estatal para o último trimestre de 2017 foi dun 0,7% (3,1% en termos interanuais).


Variación interanual porcentual del PIB (Índices de volumen encadenados, referencia año 2010=100. Datos corregidos de estacionalidad y calendario) Galicia-España 2012-2017 (*)

	% (T/T-4)	2012	2013	2014	2015	2016	1T14	2T14	3T14	4T14	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17
Galicia		-3,2	-0,4	1,1	2,1	3,1	1,0	0,8	1,2	1,3	1,6	2,1	2,2	2,6	2,9	3	3,3	3,2	3,1	3,2	3,1
España		-2,9	-1,7	1,4	3,4	3,3	0,5	1,0	1,8	2,2	2,9	3,4	3,6	3,8	3,5	3,4	3,2	3,0	3,0	3,1	3,1

Fuentes: INE (Contabilidad Nacional Trimestral), IGE

(*) En data 02.10.2017 foron actualizados e revisados os datos estatísticos da Contabilidade Trimestral, como consecuencia da incorporación das novas series da Contabilidade Nacional Anual publicadas o 12/09/2017. A información actualizada está dispoñible para a súa consulta na web do INE

Variación porcentual trimestral do PIB (Índices de volume encadenados, referencia ano 2010=100. Taxas de variación interanual corrixidas de estacionalidade e calendario) Galicia- España, 2012-2017



Poboación activa, paro rexistrado, contratación e afiliación á Seguridade Social

No último trimestre de 2017, a Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicte para Galicia unha diminución de -15.900 persoas respecto da rexistrada no mesmo trimestre de 2016, o que supón unha diminución porcentual dun -1,3%, que contrasta co lixeiro incremento rexistrado no conxunto do Estado do 0,1%. No que respecta á poboación galega ocupada, neste trimestre rexistrouse un descenso de -16.700 persoas ocupadas respecto do trimestre anterior, e un incremento de 6.200 persoas respecto do 4º trimestre de 2016, para un número total de 1.055.800 persoas ocupadas ao remate do ano. Con todo, a taxa de ocupación reduciuse en tres décimas respecto do 3º trimestre e fica no 45,2%, valor inferior en 3,9 puntos porcentuais ao rexistrado no conxunto do Estado neste trimestre. Pola súa banda, a EPA fixa a taxa de paro para o 4º trimestre de 2016 no 14,7% da poboación activa, sendo o número de persoas desempregadas neste trimestre de 182.100. Esta taxa é menor en 1,8 puntos porcentuais á rexistrada no conxunto do Estado, aínda que supón un incremento de dous décimas respecto da taxa do pasado trimestre.

A diferenza de anos anteriores, o paro rexistrado en Galicia no 4º trimestre de 2017 non se incrementou en todos os meses, apreciándose en decembro unha redución dun -1,2% respecto do mes anterior. A variación interanual variou a tendencia de desaceleración na redución do paro

observada no 3º trimestre. Así, mentres que en setembro a redución ano a ano tan só fora dun -5,3%, esta variable foi incrementándose mes a mes, ata chegar ao final do ano a estar por riba do -10%, co que a redución do paro rexistrado en 2017 mellora lixeiramente a producida en 2016. Se ben o descenso interanual amósase en todas as categorías (por sexo, idade e sector de actividade) cómpre sinalar que no caso dos homes, das persoas traballadoras entre 30 e 45 anos, e dos sectores agrícola, pesqueiro, da construción e da industria o desemprego reduciuse en maior intensidade neste 2017, mentres que para os colectivos de mulleres (a pesares de que para elas o paro rexistrado diminuíu en decembro, grazas ao bo comportamento do sector servizos nese mes) persoas xoves ou de máis de 45 anos, no sector servizos ou sen emprego anterior, a creación de emprego está a ser menos intensa.

No 4º trimestre de 2016 asináronse 246.426 contratos novos en Galicia, un -17,8% de novos contratos respecto do trimestre anterior, e un incremento do 5,4% respecto do mesmo trimestre do ano 2016. Os contratos de prácticas/formación foron os que máis se incrementaron respecto ao trimestre anterior, mentres que os contratos indefinidos tamén amosaron crecemento no trimestre, aínda que moi lixeiro (0,7%). Respecto do mesmo trimestre en 2016, tanto os contratos en prácticas/formación como os indefinidos se incrementaron por riba da media. Por sectores de actividade, todos os tipos de contratos reducíronse respecto ao 3º trimestre, de xeito especial os da agricultura/pesca, que así mesmo foron os únicos que se reduciron respecto dos últimos tres meses de 2016.

Os datos galegos de afiliación á Seguridade Social ao longo do 4º trimestre amosan redución da afiliación nos tres últimos meses do ano, mentres que no conxunto do Estado tan só o mes de novembro presentou un valor negativo. Porén, esta redución foi menos intensa que a que se produciu no último trimestre do ano anterior, co que o incremento porcentual do número de afiliados en 2017 en Galicia mellora en 4 décimas ao dato de 2016, ficando nun 2,25%. Este incremento está 1,2 puntos porcentuais por detrás da media española, superando unicamente ao rexistrado en Asturias, Castela-León e País Vasco.

Valores Poboación Activa Galicia-España, 4º Trimestre 2017

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.237,9	-16,4	-1,3	-15,9	-1,3
España	22.765,0	-15,9	-0,1	19,1	0,1

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 4º Trimestre 2017

4T 2017	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro
TOTAL	185.903	187.175	185.013	1.846	1.272	-2.162	1,0%	0,7%	-1,2%	-13.037	-16.379	-20.901	-6,6%	-8,1%	-10,2%
Homes	79.574	80.569	81.498	1.231	995	819	1,6%	1,3%	1,0%	-8.696	-10.454	-12.855	-9,9%	-11,5%	-13,6%
Mulleres	106.329	106.606	103.515	615	277	-3.091	0,6%	0,3%	-2,9%	-4.341	-5.925	-8.046	-3,9%	-5,3%	-7,2%
<30 anos	25.124	25.617	23.516	1.607	493	-2.101	4,4%	2,0%	-8,2%	-784	-1.364	-2.596	-3,0%	-5,1%	-9,9%
entre 30 e 44 anos	63.877	64.279	63.989	-3.306	402	-290	0,7%	0,6%	-0,5%	-7.131	-8.729	-10.196	-10,0%	-12,0%	-13,7%
>44 anos	96.902	97.279	97.508	299	377	229	0,3%	0,4%	0,2%	-5.122	-6.286	-8.109	-5,0%	-6,1%	-7,7%
Agricultura e Pesca	6.702	6.803	6.992	261	101	189	4,1%	1,5%	2,8%	-789	-987	-1.313	-10,5%	-12,7%	-15,8%
Industria	21.473	21.444	21.944	233	-29	500	1,1%	-0,1%	2,3%	-2.300	-2.720	-3.555	-8,7%	-11,3%	-13,9%
Construción	17.078	17.141	18.140	-355	63	999	-2,0%	0,4%	5,8%	-4.127	-4.375	-5.228	-19,5%	-20,3%	-22,4%
Servizos	124.305	125.341	122.436	1.768	1.036	-2.905	1,4%	0,8%	-2,3%	-5.585	-7.992	-9.983	-4,3%	-6,0%	-7,5%
Sen emprego anterior	16.345	16.446	15.501	-61	101	-945	-0,4%	0,6%	-5,7%	-236	-305	-822	-1,4%	-1,8%	-5,0%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Economía, Emprego e Industria, Xunta de Galicia

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 4º Trimestre 2017

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	% Var. trimestre ano anterior
4º Trimestre 2017	246.426	-53.241	-17,8%	12.563	5,4%
Homes	126.837	-30.588	-19,4%	8.042	6,8%
Mulleres	119.589	-22.653	-15,9%	4.912	4,3%
<30 anos	80.280	-23.868	-22,9%	4.856	6,4%
entre 30 e 44 anos	106.071	-17.847	-14,4%	1.637	1,6%
>44 anos	60.075	-11.526	-16,1%	5.980	11,1%
Indefinido	19.998	147	0,7%	1.895	10,5%
Temporal	221.941	-51.515	-18,8%	10.621	5,0%
Prácticas / Formación	2.956	366	14,1%	658	28,6%
Otros	1.531	-2.239	-59,4%	-611	-28,5%
Agricultura e Pesca	6.821	-4.046	-37,2%	-293	-4,1%
Industria	36.693	-5.288	-12,6%	2.725	8,0%
Construción	10.653	-1.584	-12,9%	473	4,6%
Servizos	192.259	-42.323	-18,0%	9.658	5,3%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación, Consellería de Economía, Emprego e Industria

Datos de afiliación á Seguridade Social Galicia-España, 4º Trim. 2017

	Afiliacións media 4ºTrim. 2017			Variacións											
	outubro	novembro	decembro	mes anterior						interanual					
				absoluta	absoluta	relativa	absoluta	absoluta	relativa	absoluta	absoluta	relativa			
Galicia	989.904	989.157	985.448	-2.354	-747	-3.709	-0,24%	-0,08%	-0,37%	18.352	20.614	21.713	1,89%	2,13%	2,25%
España	18.430.529	18.417.756	18.460.201	94.368	-12.773	42.445	0,51%	-0,07%	0,23%	617.173	637.232	611.146	3,46%	3,58%	3,42%

Fonte: IGE Informe de afiliación a la Seguridade Social (según datos do Ministerio de Empleo y Seguridade Social)

Sinistralidade

No 3º trimestre do ano o número de accidentes laborais con baixa aumentou notablemente (nun 10,5%) respecto do 3º trimestre de 2016, debido ao incremento do número de accidentes leves nun 11%. Porén, reducíronse tanto os accidentes graves (-4,3%) como os mortais, que diminuíron de xeito moi acusado (-57,1%)

Por sectores de actividade, cómpre sinalar que os accidentes leves medraron por riba da media na pesca, a industria e de xeito especial na construción. Os accidentes graves diminuíron na construción e no sector servizos, mentres que medraron nos sectores primarios. Os accidentes mortais reducíronse en todos os sectores excepto no da construción, onde mantiveron o seu número respecto do mesmo trimestre de 2016.

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (3º Trimestre 2016-2017)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var
Agricultura	320	330	3,1	11	18	63,6	2	1	-50,0	333	349	4,8
Pesca	213	248	16,4	14	16	14,3	4	0	-100,0	231	264	14,3
Industria	1.756	1.999	13,8	26	26	0,0	6	0	-100,0	1.788	2.025	13,3
Construción	688	828	20,3	17	13	-23,5	4	4	0,0	709	845	19,2
Servizos	2.908	3.127	7,5	48	38	-20,8	5	4	-20,0	2.961	3.169	7,0
Total	5.885	6.532	11,0	116	111	-4,3	21	9	-57,1	6.022	6.652	10,5

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

No que respecta aos índices de incidencia, o incremento xa citado dos accidentes leves non queda compensado pola redución dos accidentes graves e moi graves, polo que o índice de incidencia para o terceiro trimestre medrou nun 7,6% respecto do mesmo trimestre de 2016. Por sectores, o sector servizos tivo o mellor comportamento, cun incremento inferior ao 4%, mentres que o peor comportamento volveu a corresponder ao sector da construción, cun incremento do 17,8%.

Índices de incidencia por sectores de actividade. Galicia, (3º trimestre 2016-2017)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var	2016	2017	% Var
Agricultura	949,6	1.001,3	5,4	32,6	54,6	67,3	5,9	3,0	-48,9	988,2	1.059,0	7,2
Pesca	1.138,4	1.308,2	14,9	74,8	84,4	12,8	21,4	0,0	-100,0	1.234,6	1.392,6	12,8
Industria	1.394,3	1.540,1	10,5	20,7	20,0	-3,0	4,8	0,0	-100,0	1.419,8	1.560,2	9,9
Construción	1.354,4	1.610,5	18,9	33,5	25,3	-24,4	7,9	7,8	-1,2	1.395,7	1.643,6	17,8
Servizos	509,1	531,3	4,4	8,4	6,5	-23,1	0,9	0,7	-22,7	518,3	538,4	3,9
Total	735,3	794,9	8,1	14,5	13,5	-6,8	2,6	1,2	-55,0	752,4	809,6	7,6

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. ISSGA.

Conflitividade laboral

Segundo os datos provisionais facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social no período xaneiro-setembro de 2017, en Galicia leváronse a cabo 60 folgas, o que supón un incremento dun 39,5% fronte as do mesmo período do ano anterior. Tamén se produciu un incremento na súa repercusión: no que atinxe ao número de persoas traballadoras participantes en folgas, case que multiplicouse por catro respecto das que o fixeron no mesmo período de 2016. Se tomamos como referencia as xornadas non traballadas, o incremento da conflitividade laboral foi aínda maior, posto que as xornadas non traballadas a causa de folgas en 2017 foron máis de sete veces máis numerosas que as rexistradas en 2016. Compre sinalar que, aínda que a tendencia de aumento da conflitividade tamén se rexistrou no conxunto do Estado, dita tendencia non foi tan acusada como en Galicia xa sexa en número de folgas, en número de traballadores participantes nelas, ou en número de xornadas non traballadas.

Folgas realizadas, traballadores participantes e xornadas non traballadas. Galicia-España. Xaneiro-Setembro 2017

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	60	17	37.099	27.724	113.779	100.127
España	564	80	160.622	53.226	397.604	133.241

Fonte: *Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Empleo y Seguridad Social.*

(datos provisionais)

Datos de expedientes de regulación de emprego

O número de expedientes de regulación de emprego seguiu a reducirse no ano 2017, tal e como xa o fixera nos dous anos anteriores, e o fixo aínda con maior intensidade. En 2017 presentáronse 205 EREs, menos da metade que en 2016. Estudando máis polo miúdo a evolución dos mesmos apréciase que, mentres que o número de expedientes por despedimentos colectivos incrementouse lixeiramente (o 5,3%), rexistrouse unha redución de case un -63,8% nos expedientes por suspensión de contratos, e unha redución dun -42,4% nos expedientes de redución de xornada. Por sectores, todos presentaron reducións superiores ao -25%, desde o -26,1% da industria ao -86,9% da pesca.

Expedientes de regulación de emprego segundo a medida e o sector de actividade. Galicia, 2016-2017

	Despedimentos colectivos			Suspensións de contratos			Reducións de xornada			Totais		
	2016	2017	% Var.	2016	2017	% Var.	2016	2017	% Var.	2016	2017	% Var.
Agricultura	0	0	0,0%	1	1	0,0%	0	0	0,0%	1	1	-----
Pesca	2	3	0,0%	142	16	-88,7%	1	0	0,0%	145	19	-86,9%
Industria	9	14	55,6%	44	26	-40,9%	16	11	-31,3%	69	51	-26,1%
Construción	6	3	-50,0%	30	15	-50,0%	12	10	100,0%	48	28	-41,7%
Servizos	21	20	-4,8%	51	39	-23,5%	89	47	-47,2%	161	106	-34,2%
TOTAL	38	40	5,3%	268	97	-63,8%	118	68	-42,4%	424	205	-51,7%

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego

Aínda que o número de persoas traballadoras afectadas por estes expedientes reduciuse de novo no ano 2017 (nun -54,6%), é salientable que este descenso afectou en meirande medida aos conxunto de homes traballadores, no cal a redución foi de case un -60% respecto ao 2016, mentres que as mulleres afectadas por expedientes de regulación de emprego reducíronse en pouco máis dun -40%. Esta tendencia se aprecia en maior o menor medida en todos os tipos de expediente.

Custos laborais e salariais

Datos da *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* do INE para o 3º trimestre de 2017 indican que o valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes foi de 2.258,4 €, o cal representa un incremento interanual dun 2,0%. No relativo ao custo salarial por persoa traballadora e mes, o valor para o terceiro trimestre foi de 1.651,6 €, o que supón un incremento interanual dun 1,7%. Aínda que a nivel estatal produciuse un descenso en custos laborais e salariais neste trimestre, os valores galegos seguen a ser inferiores aos rexistrados a nivel estatal (o -8,0% e o -8,7% respectivamente) e, se ben a distancia entre os valores galego e estatal reduciuse para as dúas variables nos últimos 12 meses, os costes laborais o fixeron con máis intensidade (2 puntos porcentuais menos de diferenza) que os salariais (1,2 puntos porcentuais menos)

Custos laborais e salariais. Galicia. 2012-2017

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2012	2.206,2	-2,6	-----	-----	1.618,1	-3,1	-----	-----
2013	2.260,2	2,4	-----	-----	1.656,0	2,3	-----	-----
2014	2.261,4	0,0	-----	-----	1.654,0	0,0	-----	-----
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,6	11,7	2,4
2T15	2.249,0	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0

Fonte: INE (*Encuesta trimestral de coste laboral*)

Sociedades constituídas, disoltas e ampliacións de capital

No 4º trimestre de 2017 constituíronse 885 sociedades mercantís en Galicia, 45 máis das constituídas no trimestre anterior e -145 menos das constituídas no 4º trimestre de 2016. O capital medio subscrito nas sociedades constituídas reduciuse respecto do trimestre anterior en máis dun -35%, e un -63,2% respecto do mesmo trimestre do ano anterior. No relativo ao número de sociedades que ampliaron capital, foi o mesmo que as que o fixeron no 3º trimestre, se ben cun notable incremento no capital ampliado (o 78%) e reducíronse respecto ao cuarto trimestre de 2016 nun -14,5%. Neste caso, capital ampliado reduciuse en case un 36%.

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 4º Trimestre 2017

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	885	15.554,7	45	-35,5%	-145	-63,2%
Sociedades que ampliaron capital	271	110.284,0	0	78,0%	-46	-35,9%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Sociedades mercantís disoltas, que reducen capital ou en situación concursal, 4º Trimestre 2017

	4T17	3T17	4T16
Sociedades disoltas	318	218	422
Sociedades que reducion capital	51	55	71
Sociedades en situación concursal	67	47	70

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Por outra banda, no 4º trimestre disolvéronse 318 sociedades mercantís, 100 máis que no trimestre anterior, e 104 menos que que no mesmo trimestre do ano anterior. No tocante ás reducións de capital, este feito produciuse en 51 empresas, catro menos que no trimestre anterior, e 20 menos que no 4º trimestre de 2016. Ademais, rexistráronse 11 expedientes de fusión de empresas, ningún de escisión e 67 empresas entraron en situación concursal, dato que supón unha rebaixa dun 4,3% respecto das que o fixeron no mesmo mes do pasado ano.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Durante o ano 2017 e no exercicio da súa función consultiva, o Consello emitiu 47 ditames sobre normativa laboral, o que supuxo un incremento de máis dun 50% respecto dos emitidos no ano 2016.

O procedemento de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo (AGA) tramitou un total de 86 expedientes, Os acordos acadados a través deste procedemento afectaron a máis de 2.400 empresas e máis de 41.000 persoas traballadoras. No que atinxe á tarefa do Consello a prol da negociación colectiva, en 2017 tiveron lugar 63 xuntanzas sectoriais e de empresa, de comisións negociadoras e paritarias de convenios colectivos. En tres sectores (Residencias Privadas da 3ª Idade de Galicia, PERRUQUERÍAS DE GALICIA, e Hostalería da provincia da Coruña) as xuntanzas remataron coa sinatura dun convenio colectivo para o sector. Así mesmo, asinouose un Acordo Marco galego para o sector do Transporte de Viaxeiros por Estrada

Respecto da súa labor no fomento do debate sobre temas laborais de actualidade, o Consello levou a cabo nove xornadas e tres seminarios nas principais cidades galegas, xornadas que contaron cunha asistencia global de 720 participantes. Pola súa banda, o Curso Superior de Relacións Laborais, que o Consello realiza cada ano en colaboración coa USC, acadou a súa edición número XXVII.

Pode consultar máis información específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva do Consello: http://cgrl.xunta.es/g_necol2.html

Consello Galego de Relacións Laborais

http://cgrl.xunta.es/g_soclab.html

Algalía de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela - Teléfono 981 541 601 - Fax 981 541 610

